

## **NOTA DE PRENSA**

# **A comunicación de malas novas en emerxencias centra a próxima acción formativa do Colexio de Psicología**

---

*Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2015.*- O Colexio Oficial de Psicología de Galicia continúa formando profesionais para a intervención en catástrofes e emerxencias. Os días 11, 12, 18 e 19 de setembro vai desenvolverse o curso "Comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes e proceso do dó" na sede compostelá do Colexio, co que se pretende dotar de coñecementos, técnicas e habilidades para o correcto desempeño de psicólogos e psicólogas neste ámbito de actuación.

As docentes do curso, Aurora Rozadilla Arias e Julita Touriño Araújo, son psicólogas que forman parte do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG con ampla experiencia nel (desde 2004 e 2008 respectivamente). Na formación que dá comezo este sábado abordarán o concepto das malas novas e a súa repercusión no proceso do dó, a valoración dos riscos psicolóxicos nas persoas afectadas e as reaccións máis habituais que pode atopar o ou a profesional nunha intervención con carácter de emerxencia. Analizaranse as actitudes e habilidades recomendadas para estas situacións e aquelas a evitar, ao tempo que se exporán os protocolos de comunicación tanto en casos presenciais como nas situacións que requiran realizala por teléfono.

As situacións extraordinarias, como suicidios, desaparicións ou mortes violentas, serán parte do programa formativo, tanto a nivel da comunicación como para comprender o proceso do dó nestes sucesos. De feito, o dó centrará a metade do curso, tanto no relativo ás reaccións máis habituais como nos obxectivos e principios na intervención, ou os tipos de dó que poden desenvolverse. O proceso en menores e adolescentes tamén será obxecto de traballo.

## **O GIPCE**

O GIPCE é un grupo de psicólogos e psicólogas colexiados e especializados na atención psicolóxica en situacións de emerxencia e catástrofes. Coa súa intervención procuran minimizar o impacto nas persoas afectadas, restaurar as súas capacidades e recursos para que poidan resolver o máis eficazmente a situación de estrés e previr posibles problemas psicolóxicos posteriores. Tamén asesoran a dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico das súas actuacións nos colectivos afectados, e realizan unha tarefa de autocoidado do grupo, intervindo para diminuír o nivel de estrés dos intervinientes tras realizar unha intervención.

O GIPCE intervén durante o tempo que dura a situación crítica, en contextos como accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia, etc., nas que haxa persoas afectadas que precisen de atención psicolóxica, e sempre e cando as persoas afectadas acepten a súa participación. Pertence ao Colexio Oficial de Psicología de Galicia, e desde o ano 1997 conta cun convenio coa Xunta de Galicia. A súa andaina comezou en 1996, cos movementos

sísmicos de Lugo e Ourense, baixo o nome de Grupo de Protección Civil. A partir dos atentados do 11-M no 2004 deu un salto cualitativo e cuantitativo, e xerouse unha rede de profesionais capaz de dar unha resposta eficaz neste tipo de situacións as 24 horas do día durante os 365 días do ano na nosa comunidade.

**Sáudos,**

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
981 534 049 / 699 908 968  
[comunicacion@copgalicia.org](mailto:comunicacion@copgalicia.org)